



O Gatipetro é un gato branco que ten na cachola un corno mouro; o Gatipetro vén polas noites ás casas, e párase nas habitacións nas que hai nenos durmindo. Entón o Gatipetro ponse a verquer auga polo seu corniño, e o neno, en soños, escoitando o pingar da fontíña aquela, soña que mexa, e de verdade mexa na cama. Pra espantar o Gatipetro abonda con botar unhas areas de sal á porta do cuarto e ó pé da fiestra. O Gatipetro anda, ademais de nas catro patas, na lingua, e probando con esta o sabor do sal. O Gatipetro dá a volta e prosegue a súa nocturna viaxe, deixando os nenos da casa en paz. 😊🐱